NOTA DE PRENSA

VARIOS MEMBROS DO FORO ECONÓMICO DE GALICIA PARTICIPARÁN NO COMITÉ DE EXPERTOS DA XUNTA PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA

Ourense, 12 de abril de 2020

Galicia vive, como toda España, unha situación que pon a proba a nosa capacidade de xestión, de organización e de unión perante unha emerxencia sanitaria sen precedentes.

Hai uns días o noso Informe de Conxuntura sobre o Impacto do Confinamento provocado polo Covid-19 avanzaba xa os primeiros dados sobre as consecuencias económicas da pandemia.

Enfrontarémonos nos próximos meses a unha baixada inédita do noso PIB e a unha perda de emprego de magnitude, unha crise económica que precisará, seguramente, de importantes sacrificios, tempo e unidade de todos os axentes económicos para liquidala.

A Xunta de Galicia creou un Comité de Expertos destinado a asesorar ao Executivo galego para facer fronte a este momento e os que quedan por vivir.

Nese comité o Foro Económico de Galicia estará representado polo seu presidente, D. Emilio Pérez Nieto, tamén e presidente de Honra do Grupo Pérez Rumbao. Ademais participarán tamén outros especialistas vencellados a esta institución: Santiago Lago Peñas, catedrático da Universidade de Vigo, Fernando González Laxe, ex presidente da Xunta de Galicia e catedrático de Economía da Universidade da Coruña, e Víctor Nogueira, presidente da Asociación Galega da Empresa Familiar e presidente do Grupo Nogar, entre outros.

Desde os seus inicios, este grupo definiuse como unha "plataforma de transferencia de coñecemento das universidades e empresas galegas á sociedade."

Por iso o Foro non dubidou un minuto en responder de maneira afirmativa ao chamamento do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, para poñer todo o seu coñecemento e experiencia para responder ás tarefas que se presentan:

- Determinar o impacto económico que as medidas sanitarias e de restrición terán na nosa economía.
- Debuxar os posibles escenarios de saída da crise.
- Avaliar e cuantificar as medidas económicas tomadas polas administracións.
- Propoñer novas medidas económicas, laborais e fiscais para a reactivación.

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento das universidades e empresas galegas á sociedade. Está integrada por profesores das tres universidades galegas, empresarios e directivos de referencia e xornalistas especializados en divulgación económica. Un total de máis de 60 persoas referentes para a análise e confección de propostas para a economía galega.

Carla Reyes Uschinsky
Responsable de Comunicación
607483357